

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**12934** *Real decreto 1208/2009, do 17 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1037/1990, do 27 de xullo, polo que se regula a composición, organización e funcionamento do Consello Superior de Estatística.*

O Real decreto 1037/1990, do 27 de xullo, polo que se regula a composición, organización e funcionamento do Consello Superior de Estatística (CSE), no seu artigo 6 regula o nomeamento, a renovación e a substitución dos conselleiros que desempeñan a representación no Consello de todas e cada unha das organizacións e institucións que forman parte del e que están enumeradas no seu artigo 5.

Tras a modificación que o Real decreto 820/2008, do 16 de maio, introduciu no artigo 5 do Real decreto 1037/1990, as referencias que se fan no número 1 do artigo 6 respecto ao nomeamento dos conselleiros representantes dos departamentos ministeriais así como os representantes de organizacións sindicais, empresariais ou de institucións sociais, económicas e académicas, débense facer respecto ás alíneas a) e b), respectivamente, do número 5 do artigo 5 do Real decreto 1037/1990, do 27 de xullo, polo que se regula a composición, organización e funcionamento do Consello Superior de Estatística.

Esta modificación débese efectuar mediante real decreto, segundo o disposto no artigo 40.2 e 40.4 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que prevé tal rango para a norma de creación e modificación da composición dos órganos colexiados interministeriais cuxo presidente teña nivel superior a director xeral. Este é o caso do Consello Superior de Estatística, que está presidido polo ministro de Economía e Facenda.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de xullo de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Nomeamento dos conselleiros do Consello Superior de Estatística.*

O número 1 do artigo 6 do Real decreto 1037/1990, do 27 de xullo, polo que se regula a composición, organización e funcionamento do Consello Superior de Estatística, queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Nomeamento, renovación e substitución dos conselleiros.*

1. O ministro de Economía e Facenda nomeará os conselleiros incluídos no número 5.a) do artigo anterior por proposta dos departamentos ministeriais respectivos, e os incluídos no número 5.b) do mesmo artigo por proposta dos órganos de goberno das organizacións e institucións que representan.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de xullo de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno  
e ministra de Economía e Facenda,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ